

FICHA DE INSCRIPCIÓN

NOME/S _____

APELIDOS _____

Nº DE SOCIO/S _____

TÍTULO _____

DOMICILIO _____

CÓDIGO POSTAL _____

LOCALIDADE _____

PROVINCIA/PAÍS _____

TELÉFONO/S _____

E-MAIL _____

fundación **sgae**

ENVÍO DE MATERIAIS

Fundación SGAE. Departamento de Audiovisuais
R/ Bárbara de Braganza, 7
28004 Madrid

ou en calquera das sedes da SGAE en España e no
estraneiro (consultar enderezos en www.sgae.es).

INFORMACIÓN

Os interesados podrán efectuar todo tipo de consultas
ou ampliar a súa información sobre estas bases en:

informacion@fundacionsgae.org
audiovisuales@fundacionsgae.org
www.fundacionsgae.org
www.sgae.es

Coa colaboración de **sgae**

Autorizo/autorizamos á Fundación SGAE para que faga uso dos meus/nosos datos de carácter persoal en todas as xestións necesarias para a realización e execución do premio.

XVII Premio **sgae** de Guión
para Longametraxe Julio Alejandro 2020

A Fundación SGAE, perante a demanda de contidos no ámbito audiovisual, e fronte á necesidade de crear un marco promocional para estes que potencie a calidade da creación dos autores deste sector, convoca o

XVII Premio **sgae** de Guión para Longametraxe Julio Alejandro 2020

bautizado así en honra do insigne guionista e dramaturgo español, cuxa obra tivo tanta repercusión sobre o cine iberoamericano.

BASES

1. Poderán presentarse a este certame todos os autores socios de SGAE que o desexen, de calquera nacionalidade. Nos casos de coautoría, todos os autores participantes deben ser membros de SGAE sen excepción. Quedan excluídos desta convocatoria os membros da Xunta Directiva de SGAE e do Padroado de Fundación SGAE, así como os autores premiados ou finalistas nas tres edicións precedentes deste certame.

2. Os guións presentados, escritos en calquera das linguas oficiais do Estado español, deberán ser totalmente orixinais, inéditos e para longametraxes de ficción, non aceptándose ningunha clase de adaptación de obras do mesmo autor ou doutros autores. A obra presentada non pode estar rodada nin atoparse comprometida con empresa audiovisual ningunha para o devandito fin, dende o momento da súa presentación ao certame e ata a resolución do xurado. Igualmente, queda excluído deste certame todo guión que fose premiado nalgún outro concurso con anterioridade á súa presentación ao XVII Premio SGAE de Guión para Longametraxe "Julio Alejandro" ou durante o período comprendido entre a súa presentación ao premio e o seu fallo.

3. Non se admitirán sinopses, tratamentos nin guións inacabados. Os orixinais deberán presentarse nalgún dos formatos convencionais que se empregan na profesión cinematográfica, e cunha extensión probable de metraxe adecuada ás filmacións habituais en España e Iberoamérica. Para estes efectos, prégase tratar o texto por presentar coas condicións recomendables para garantir a súa lexibilidade e estimación de duración (letra Courier 12 ou similar, aliñados á esquerda, texto en duplo interliñado, formato PDF, secuenciación correcta...); aquelas obras que carezan dunha presentación profesionalmente adecuada poderán ser descalificadas a xuízo do xurado.

4. As obras presentaranse en soporte dixital (CD). Co fin de preservar o anonimato dos autores, as obras presentaranse unicamente con indicación do título, que neste caso actuará como lema, dentro dun sobre en cuxo exterior se especifique claramente o mesmo título e o premio ao que se opta.

O mencionado sobre conterá:

A. Un CD co documento do texto para o concurso, sen ningunha identificación de autoría. No caso de que a obra presentada a concurso estea nalgunha das linguas oficiais do Estado español distinta do castelán, o autor poderá incluír unha tradución ao castelán para que poida ser utilizada por aqueles membros do Xurado que non estean familiarizados coa lingua orixinal da obra. Se o autor non inclúe a mencionada tradución ao castelán, Fundación SGAE quedará autorizada para realizar a citada tradución para os únicos efectos de servir de instrumento de traballo para os membros do Xurado. As mencionadas traducións serán destruídas á finalización da resolución do premio.

B. Unha plica, consistente nun sobre pechado con idéntico título, que conterá os elementos que se relacionan a seguir:

- unha fotocopia do certificado de inscrición do guión no Rexistro da Propiedade Intelectual
- unha fotocopia do DNI do concursante ou concursantes
- a ficha de inscrición anexa a estas bases cuberta en todos os seus apartados
- un breve currículo do concursante ou concursantes
- unha declaración expresa do autor ou autores a favor de Fundación SGAE para o uso dos seus datos de carácter persoal en todas as xestións necesarias para a realización e execución do premio
- unha declaración do concursante autorizando a difusión da obra de forma restrinxida en foros de produción ou actividades promocionais, co fin de apoiar a súa posible realización cinematográfica

A ausencia de calquera destes documentos suporá a descalificación do concursante.

5. O prazo de admisión de guións será do 22 de maio ao 3 de xullo (inclusive) de 2020, aceptándose envíos certificados coa data límite, aínda que a súa recepción sexa posterior. O sobre deberá remitirse por correo certificado ou entregarse en Fundación SGAE (r/ Bárbara de Braganza, 7, 28004 Madrid) ou en calquera das sedes de SGAE en España e no estranxeiro (consulta de enderezos en www.sgae.es).

6. O Xurado do Premio (designado por Fundación SGAE, que tamén designará o seu Presidente), estará integrado por autores e profesionais do medio cinematográfico. A Fundación SGAE procurará, na medida do posible, que entre os membros do Xurado haxa algúns profesionais que falen as linguas autonómicas oficiais do Estado español. O Xurado escollerá tres finalistas, que se anunciarán entre o mes de outubro e o de novembro de 2020. O fallo definitivo do Xurado do Premio comunicárase nun acto público antes de concluír o último trimestre de 2020.

7. O premio non pode declararse deserto, e a decisión do Xurado será inapelable. No suposto de que exista empate de votos entre os membros do Xurado, o Presidente poderá facer uso do seu voto de calidade.

8. Este certame conta cun premio único e indivisible dotado con vinte e cinco mil euros (25.000 €). Os dous finalistas non galardoados recibirán tres mil cincocentos euros (3.500 €) pola súa designación como tales. Estas contías serán sometidas á tributación que marque a lexislación vixente.

9. O autor ou autores premiados comprométense a que no asinamento de contratos de cesión posteriores á concesión do premio conste explicitamente que nas copias da longametraxe por realizar, tanto en soporte cinematográfico como videográfico, ou en calquera outro tipo de soporte ou material promocional deste, figure a mención "XVII Premio SGAE de Guión para Longametraxe "Julio Alejandro" 2020" e o logotipo de Fundación SGAE.

10. Os exemplares das obras non seleccionadas como finalistas serán destruídos a partir da notificación do texto premiado. Non se devolverán os devanditos exemplares, nin se manterá correspondencia ningunha sobre estes.

11. Os participantes, polo feito de concorrer a esta convocatoria, aceptan integramente estas bases, así como as decisións do Xurado.

12. Os participantes eximen a Fundación SGAE de calquera responsabilidade derivada de plaxio ou de calquera outra transgresión da lexislación vixente na que puidese incurrir algún dos participantes.

13. No caso de reclamación ou conflito, tanto os participantes como a organización deberán someterse á xurisdición dos Tribunais de Madrid capital.